

Confianza empresarial. Segundo trimestre de 2008

NOTA DE PRENSA

No segundo trimestre de 2008 a confianza empresarial diminúe en 12,9 puntos con respecto ao trimestre anterior

A confianza empresarial por sectores

Os datos do segundo trimestre de 2008 do “Índice de confianza empresarial”, elaborado polo Instituto Galego de Estatística, reflicten que o indicador total¹ diminúe en 12,9 puntos con respecto ao trimestre anterior, pasando de -18,8 a -31,7.

Por sectores, todos presentan unha diminución do valor con respecto ao trimestre anterior. O comercio polo miúdo é o que presenta unha tendencia máis desfavorable, cae 26,3 puntos ao pasar de -9,4 ao valor de -35,7. A continuación está a construción, que cae 18,1 puntos.

ÍNDICE GALEGO DE CONFIANZA EMPRESARIAL (IGACE)

Ano	Trimestre	ÍNDICE XERAL	POR SECTORES			
			Industria	Construción	Comercio polo miúdo	Resto servizos
2007						
	I	9,8	18,8	16,4	15,1	4,7
	II	-3,1	17,0	13,7	17,9	-16,0
	II	-12,6	-19,4	-11,3	6,3	-12,5
	IV	-16,7	-7,2	-13,9	-10,8	-21,1
2008						
	I	-18,8	-13,1	-16,4	-9,4	-22,1
	II	-31,7	-23,3	-34,5	-35,7	-33,2

Fonte: IGE. Confinza empresarial

Nota: Os datos do II trimestre de 2008 son provisionais

¹ O indicador de confianza empresarial varía de -100 a 100, sendo o valor 0 o punto neutral; valores positivos do indicador indican optimismo e valores negativos indican pesimismo por parte dos empresarios

Previsións para o terceiro trimestre do ano 2008

En canto ás previsións dos empresarios para o terceiro trimestre do ano, máis da metade dos mesmos consideran que diminuirá o resultado neto da explotación (55,4%) e que se manterá estable o nivel de investimentos (52,7%). Con respecto ao emprego, as previsións de estabilidade e diminución sitúanse en valores similares, o 48,2% e o 48,1%, respectivamente.

PREVISIÓNS DOS EMPRESARIOS PARA O TERCEIRO TRIMESTRE DE 2008

Unidade: porcentaxe de empresas

Sector	Variable	Incremento	Estabilidade	Diminución
Total	Resultado neto explotación	8,6	36,0	55,4
	Emprego	3,7	48,2	48,1
	Investimentos	5,5	52,7	41,8
Industria	Resultado neto explotación	10,9	36,0	53,2
	Emprego	4,2	41,6	54,2
	Investimentos	4,5	53,0	42,5
Construción	Resultado neto explotación	11,8	25,1	63,1
	Emprego	0,6	28,6	70,8
	Investimentos	0,7	69,2	30,1
Comercio polo miúdo	Resultado neto explotación	10,6	45,9	43,6
	Emprego	8,1	58,7	33,3
	Investimentos	10,4	48,0	41,6
Resto de servizos	Resultado neto explotación	6,4	36,6	57,1
	Emprego	3,3	54,3	42,4
	Investimentos	6,3	49,2	44,6

Fonte: IGE. Confianza empresarial

Nota: Datos provisionais

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_confianza_empresarial_gl.pdf

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
 Complexo Administrativo San Lázaro s/n
 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
 Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?paxina=006006001&idioma=gl>
 Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
 FAX: 981.54.13.23
 Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>